



# PROSPECCIONS ARQUEOLÓXICAS. O LABOR CONSCIENTE DE JUAN NÚÑEZ JATO E LAURA RODRÍGUEZ VARELA

---

Felipe Arias Vilas

---

Tivemos a fortuna de trabar coñecemento persoal con Juan Francisco Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela a través de Asociación de Amigos do Castro de Viladonga aló por finais dos anos 80. Juan mesmo chegou a ser, na primeira década dos 2000 e durante un tempo (catro anos), vogal da Xunta Directiva da mencionada Asociación.

Con eles dous, tamén lucenses aínda que residentes en Ponferrada por razóns laborais, de seguida estableceuse unha relación de amizade e de bo trato en base ós temas arqueolóxicos, que en nós era algo obrigado por profesión (e tamén vocación, obviamente) e que en eles era unha apaixonante afección, pero tamén en certo modo vocacional.

Logo de varias conversas sobre tales temas, xurdiu neles a idea de dar un paso decidido para facer prospeccións e estudos de campo, sempre dentro da legalidade normativa e conscientes das posibles limitacións formativas. Estaban convencidos de que a súa afección e paixón prospectoras debía facerse cunha certa sistematización e con métodos apropiados. Pois eran conscientes, e nós con eles, de que ese "conscientes" se relacionaba co latino *cum scientia*, é dicir, eran actividades que tiñan que ser pensadas e avaladas con criterios serios e científicos para non quedar nun simple pasatempo de fin de semana e para o mellor resultado desde o punto de vista patrimonial e, ó cabo, social.

Por esas fundamentadas razóns, desde o Museo do Castro de Viladonga facilitámoslles a Juan e Laura a orientación e o aval preciso segundo a normativa (e o sentido común) para acometer os ditos traballos de prospección, cunha certa especialización no mundo do megalitismo, sen desbotar a recollida de datos sobre gravados e formacións rupestres, castros e outros elementos arqueolóxicos, históricos ou simplemente patrimoniais, sempre tratando de fixar lugares e coordenadas, así como de recoller o patrimonio inmaterial que xa daquela estaba en perigo de esquecemento e perda, tarefas todas elas non exentas de gastos varios, chegando ás veces a ofrecer eles do seu peto persoal (!) gratificacións para que os propietarios mantivesen limpos e coidados determinados elementos patrimoniais.

Así é como peneiraron e "patearon" varias comarcas da zona central lucense e isto ten moito mérito porque tan só en dúas ocasións contaron cunhas escasas axudas da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural -entón do Patrimonio Histórico e Documental- da Xunta de Galicia. Foron estas campañas ou xeiradas dedicadas ó concello de Outeiro de Rei (entre 1989 e 1990) e ó de Friol (en varias fases, entre 1991 e 1992).

O seu principal interese prospector centrábase, como xa dixemos, no mundo do megalitismo, pero non unicamente pois non deixaban de lado noticias sobre outros interesantes elementos arqueolóxicos, xeralmente daquela aínda non inventariados, como algúns petróglifos, algún castro, algún resto

posiblemente de época galaico-romana e, outras veces, restos menos definidos tanto desde o punto de vista cronolóxico como cultural pero tamén de certo interese histórico e patrimonial.

As prospeccións no concello de Outeiro de Rei, feitas entre 1989 e 1990, estrutúranas os nosos autores en 16 zonas e itinerarios, explicando previamente os seus métodos e expresando, conscientemente, as súas limitacións. Recoñecen así 135 mámoas existentes naquela altura, máis 49 que xa daquela se daban por desaparecidas, ou sexa documentan un total de 184 túmulos megalíticos, o que revela a extraordinaria densidade, tanto poboacional como, desde logo e cando menos, funeraria desta ampla zona, á que suman outras mámoas en áreas lindeiras dos concellos de Lugo e de Begonte (12 en total). A maiores, rexistran 15 castros no de Outeiro de Rei e mesmo, no lugar das Barreiras en S. Lourenzo de Aguiar, unha estrutura construída de ladrillos ou tixelos pertencente moi probablemente a un forno de época galaico-romana<sup>1</sup>.

As prospeccións no concello de Friol realizáronse sobre todo entre 1991 e 1992, centradas particularmente e nunha primeira fase, na parte oriental do dito concello (as dúas parroquias da Pregación e as dos Condes e de Guimarei), aínda que posteriormente seguirían traballando, e publicando de xeito puntual na prensa diaria, noutras zonas friolenses (parroquias de Miraz, Ousá e Serén, entre outras) ou en áreas lindeiras. O resultado final daqueles traballos, sistematizados por zonas ou áreas, foi o rexistro e inventariado de nada menos que 174 túmulos megalíticos (6 deles xa practicamente desaparecidos naquel entón, e que hoxe lamentablemente xa sumarían unha trintena), ademais dun castro en S. Cibrao da Pregación e mesmo outros interesantes datos sobre cruceiros desta parroquia<sup>2</sup>.

---

1 Pode verse un resumo destas prospeccións en Juan F. Núñez Jato, Laura Rodríguez Varela, "Arqueoloxía en Outeiro de Rei: mámoas e outros restos", *Croa*, nº 5, 1995, p. 16-22.

2 Os datos dunha parte destas prospeccións viron a luz en Juan F. Núñez Jato, Laura Rodríguez Varela, "Prospeccións no concello de Friol (I): mámoas e folklore arqueolóxico", *Croa*, nº 6, 1996, p. 13-21.

Juan Núñez e Laura Rodríguez fixeron igualmente outras prospeccións centradas no megalitismo do concello de Paradela, descubrindo e inventariando numerosos túmulos (en total 52 mámoas ou medorras), noutro inxente e ímprobo traballo que veu a luz posteriormente de xeito resumido pero moi ilustrativo<sup>3</sup>.

Pois hai que salientar que todo este enorme labor de prospección deu lugar a unha produción escrita de moita utilidade aínda hoxe. Ademais dos obrigados informes destinados ó Servizo de Arqueoloxía da Xunta de Galicia, que foron ben extensos e detallados, con prolixas memorias de 300 ou 400 páxinas no caso das campañas nos concellos de Outeiro de Rei e de Friol, tamén publicaron neste *Boletín Croa* (revista que entón editaba a Asociación de Amigos do Castro de Viladonga e que hoxe publica o propio museo) as xa citadas e moi útiles achegas, escritas e gráficas, sobre aquelas xeiras de traballo.

Dun xeito similar pero aínda con maior accesibilidade e difusión, dedicouse a nosa parella a escribir e dar a coñecer por medio de artigos, colaboracións e informacións na prensa diaria (maiormente entre os anos 1986 e 1991 e no xornal *El Progreso* pero tamén algunha na edición lucense de *La Voz de Galicia*) numerosas noticias arqueolóxicas, sobre todo da área máis próxima á capital lucense e da zona pertencente á parte oriental do concello de Friol e a partes do de Outeiro de Rei.

Igualmente, e como antes adiantabamos, tamén cómpre destacar aquí a preocupación dos dous autores que motivan estas liñas polos aspectos patrimoniais e sociais resultantes das súas prospeccións, non só tratando de implicar ós propietarios e veciños de cada zona, senón facendo ademais denuncias e chamados constantes sobre a perda ou deturpación de sitios e achados arqueolóxicos (e non soamente das áreas prospectadas que aquí se citan), utilizando para iso os seus escritos tanto en revistas como na citada prensa diaria que antes xa comentabamos.

---

3 Juan Francisco Núñez Jato, "Megalitismo no concello de Paradela (Lugo)", *Croa*, nº 18, 2008, p. 34-43.

---

Temos un bo exemplo de todo isto nos escritos sobre os sitios arqueolóxicos (ou arqueolóxico-naturais) das parroquias lucenses de Adai, Orbazai e Ombreiro, como é o caso do complexo núcleo arredor do Monte do Castrillón, co seu dolmen, cos seus variados gravados rupestres, e coas posibles trazas dunha estrutura ovalada (a xeito das chamadas *longhouse*?) que estaría feita de material perecedeiro e de difícil adscrición cronolóxica que tamén atraeu a Juan Núñez<sup>4</sup>. Xaora, tamén hai que citar na mesma zona o intrigante anel térreo do mesmo Castrillón (O Corro dos Mouros), interpretado como un castro –e mesmo quizais da etapa galaico-romana– por diversos autores<sup>5</sup> a raíz da súa primeira publicación por Vázquez Seijas<sup>6</sup>, pero que, hoxe e á vista doutros paralelos na mesma provincia lucense (A Roda en Barreiros, o chamado “castro” de Ventosiños -Coeses, Lugo) e en Galicia, non hai que desbotar que O Castrillón se trate dunha área de carácter máis simbólico e mesmo funerario que habitacional ou estratéxico, e dunha cronoloxía máis recuada, podendo levarse quizais a comezos da etapa final da Idade do Bronce, a cabalo entre o 2º e o 1º milenio a.C.<sup>7</sup>

Tamén cómpre destacar aquí que moitas das noticias de sitios e achados proporcionadas por Juan Núñez Jato e Laura R. Varela foron e aínda son recollidas, revisadas e utilizadas posteriormente, por certo e con acerto, sobre todo nas zonas de Friol e Outeiro de Rei, por Brais Rodríguez Romero, outro prospector impenitente, xunto con Xabier Moure, do moi activo grupo Patrimonio dos Ancares.

---

4 Escribiu sobre ela en *El Progreso* (3-11-1988 e 9-1-1989), e posteriormente tamén en: Vázquez Liz, P., Prieto Martínez, M. P., Núñez Jato, J. F., “El pasado olvidado: El sitio del II y I Milenio BC de Pena Fita (Adai, Lugo) en el contexto de las ‘longhouses’ del NW peninsular”, *Gallaecia*, 34, 2015, p. 9-56.

5 Ver, por exemplo, en S. Ferrer Sierra, E. González Fernández: “Sustrato poboacional prerromano” en *Lucus Augusti. I. El amanecer de una ciudad*, (Fundación Barrié de la Maza), A Coruña 1996, p. 358s.

6 Manuel Vázquez Seijas, entón director do Museo Provincial de Lugo, fixo a primeira prospección guiado polo veciño de Penarrubia José Darriba Varela; vid. “Mansión céltica en tierras lucenses”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, t. VI, 1958-1959, nº 49-52, p. 274-284.

7 Sobre a estrutura circular do Castrillón e outros xacementos similares tamén se trata en Vázquez Liz, Prieto Martínez, Núñez Jato (2015), citado en nota 4.

Moitos dos elementos e conxuntos recollidos por mor do incansable traballo prospector, e consciente, de Juan e Laura están hoxe desaparecidos ou derramados en maior ou menor grao. Igualmente esixen hoxe, nalgúns casos, unha máis precisa xeolocalización coas novas técnicas cartográficas e informáticas, pero como diciamos antes o seu labor foi, no seu día e aínda o é agora, fundamental para coadxuvar á existencia duns inventarios arqueolóxicos completos e actualizados, e por iso merecen estas liñas de homenaxe, moi sinxelo pero ó mesmo tempo como sincero recoñecemento do seu traballo, aínda sabendo que aqueles inventarios, como toda catalogación, terán sempre un carácter aberto e dinámico e nunca serán estáticos ou pechados.

E, por descontado e por último pero non menos importante, hai que destacar que hoxe resulta impagable o labor e a ansia que Juan Núñez Jato e Laura Rodríguez Varela tiveron para recolleren o patrimonio inmaterial ou intanxible, o que entón se chamaba, desde os tempos dos arqueólogos da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos e así poderíase seguir chamando desde o punto de vista etimolóxico, o ‘folclore’ (“o que sabe o pobo”) de tema arqueolóxico, hoxe practicamente desaparecido ou nunhas vías de extinción que seguen esixindo un traballo urxente, xa non dunha transmisión oral viva, o que semella imposible, si polo menos dun completo rexistro, documentación e interpretación.

N.B.: As fotografías, de Juan Núñez Jato, fóronnos facilitadas por Brais Rodríguez Romero, a quen agradecemos fondamente a súa moi estimable colaboración para poder facermos este recoñecemento escrito dos traballos de Juan e Laura.



Juan Núñez no dolmen do Verdellón ou «Forno dos Mouros» (Ousá, Friol) en 2004 (nº de Rexistro no Inventario Arqueolóxico da Xunta, GA27020167) despois da limpeza, hoxe destruído.



Juan Núñez no túmulo 4 do Monte Vilaldar (Miraz, Friol) en 2018 (nº Rxtro. Inv. Arq. Xunta, GA27020231).



Juan Núñez coa súa escala para as fotos na Medorna (sic) da Zanca ou «Forno dos Mouros» (mal chamado de Sta. Marta) (Serén, Friol) en 2005 (nº Rxtro. Inv. Arq. Xunta, GA27020326).